

CARLOS CASARES



CARLOS CASARES MOURINO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2017

CARLOS CASARES



LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2017



CARLOS CASARES MOURIÑO

1

GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ




CARLOS CASARES COA SÚA MULLER KRISTINA BERG

ESTE ANO 2017 ADÍCASE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS AO ESCRITOR OURENSÁN CARLOS CASARES MOURIÑO, MEMBRO DA REAL ACADEMIA GALEGA, DEPUTADO NO PRIMEIRO PARLAMENTO GALEGO, DIRECTOR DA EDITORIAL GALAXIA... E, SOBRE TODO, FIRME DEFENSOR DO NOSO IDIOMA.

CARLOS CASARES MOURIÑO

2



GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ




CARLOS NACEU NA RÚA CARDEAL QUEVEDO, DA CIDADE DE OURENSE, O 24 DE AGOSTO DE 1941. ERA FILLO DE FRANCISCO E MANUELA E FOI O SEGUNDO DE TRES IRMÁNS: MERCEDES, A MAIOR E XABIER, O MENOR.




CARLOS CASARES MOURIÑO

3

GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



CANDO CARLOS TIÑA TRES ANOS A FAMILIA TRASLADOUSE A VIVIR Á VILA OURENSÁ DE XINZO DE LIMIA ONDE FRANCISCO, O PAI, TRABALLARÍA DE MESTRE.
É NESTA VILA ONDE CARLOS ENTRA EN CONTACTO CO IDIOMA E A CULTURA GALEGA.



GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



NA FAMILIA MATERNA DE CARLOS HABÍA VARIOS CREGOS E MESMO ALGÚN ARCEBISPO QUE INFLUIRÁN NA NAI PARA QUE O INGRESEN NO SEMINARIO DE OURENSE. AO CABO DE CINCO CURSOS DEIXARÁ O SEMINARIO PARA FACER O BACHARELATO NO INSTITUTO DA CIDADE.



CARLOS CASARES MOURIÑO

GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ




A PIQUES DE REMATAR O INSTITUTO, E DESPOIS DE SER PREMIADO NUN CONCURSO LITERARIO PROVINCIAL, COÑECE A VICENTE RISCO CO QUE PARTICIPA NO FALADOIRO DO CAFÉ PARQUE, DE OURENSE. ALÍ COINCIDE CON MOITOS INTELECTUAIS E ARTISTAS COMO LORENZO, TOVAR, QUESSADA...



CARLOS CASARES MOURINO

GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



EN 1961 MARCHA A SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA ESTUDAR FILOLOXÍA ROMÁNICA NA UNIVERSIDADE E DESCUBRE A FIGURA DO GALEGUISTA RAMÓN PIÑEIRO, DO QUE SE FARÁ MOI AMIGO. XA DAQUELA CASARES RECLAMABA O DEREITO A USAR O IDIOMA GALEGO NA UNIVERSIDADE.

6





CARLOS CASARES MOURIÑO

7



GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



«A GALIÑA AZUL» É UNHA OBRA DE LITERATURA INFANTIL COA QUE CASARES ACADOU O 1º PREMIO DO CONCURSO NACIONAL DE CONTOS INFANTÍS CONVOCADO POLA AGRUPACIÓN CULTURAL «O FA-CHO» DA CORUÑA EN 1968. A OBRA PUBLICOUNA A EDITORIAL GALAXIA ESE MESMO ANO.

CARLOS CASARES MOURIÑO




GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ




CARLOS FOI PROFESOR DE ENSINO SECUNDARIO, DA MATERIA DE LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLA, NO INSTITUTO DE CANGAS. CON ANTERIORIDADE TRABALLARA DE MESTRE EN BILBAO AO SERLLE PROHIBIDO DAR CLASES EN GALICIA.

CARLOS CASARES MOURIÑO

9



GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



NUNHA DAS VIAXES QUE CARLOS FACÍA EN TREN DE BILBAO A GALICIA, COÑECEU A KRISTINA BERG UNHA RAPAZA SUECA QUE VIÑA EMBARCAR COMO RADIOTELEGRAFISTA NO PORTO DA CORUÑA E QUE SE CONVERTIRÍA NA SÚA MULLER.



CARLOS CASARES MOURIÑO

10

GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



INGRESOU NA REAL ACADEMIA GALEGA O 27 DE MAIO DE 1978 SENDO, DAQUELA, O MEMBRO MÁIS NOVO DA INSTITUCIÓN. CARLOS XA ESTABA RECOÑECIDO COMO UN DOS ESCRITORES MÁIS RENOVADORES E IMPORTANTES DA NOSA LITERATURA.



CARLOS CASARES MOURIÑO

GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



COA CHEGADA DA DEMOCRACIA, REIVINDICA PARA GALICIA UN ESTATUTO DE AUTONOMÍA SEMELLANTE AO DE VASCOS E CATALÁNS. É ELEXIDO DEPUTADO NO PARLAMENTO GALEGO SENDO UN DOS IMPULSORES DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA E DA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

CARLOS CASARES MOURIÑO

12

GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ




CANDO DEIXOU O PARLAMENTO GALEGO CENTROUSE NO TRABALLO CULTURAL. FOI DIRECTOR DURANTE DEZASEIS ANOS DA EDITORIAL GALAXIA, DEDICADA Á PUBLICACIÓN DE LIBROS EN GALEGO. TAMÉN FOI PRESIDENTE DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA.



CARLOS CASARES MOURIÑO

GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ





EN 1995 ENTRÉGASELLE A CASARES O PREMIO «CELANOVA. CASA DOS POETAS» POLO SEU LABOR NA CREACIÓN LITERARIA GALEGA. O PREMIO CONSISTÍA NUN DIPLOMA E UNHA MEDALLA DE PRATA DO ESCULTOR ACISCLO MANZANO, UN DOS PARTICIPANTES NO FALADOIRO DO CAFÉ PARQUE.

CARLOS CASARES MOURIÑO

14

GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ





NO ANO 1996 A EDITORIAL GALAXIA PUBLICA O CONTO DE CARLOS CASARES «LOLO ANDA EN BICICLETA». FOI TRADUCIDO AO BABLE, CATALÁN, EUSKERA, CASTELÁN E VALENCIANO. LEVOU O PREMIO «RAÑOLAS» AO SER CONSIDERADO O MELLOR LIBRO ILUSTRADO DO ANO.



CARLOS CASARES MOURIÑO

GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



FOI UNHA PERSOA MOI ACTIVA. COMPAXINABA A DIRECCIÓN DA EDITORIAL GALAXIA E A DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA CO CARGO DE ALTO COMISIONADO DAS NACIONS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS (ACNUR) EN GALICIA, DIRIXÍA OS CURSOS DE VERÁN DA FUNDACIÓN CELA...

CARLOS CASARES MOURIÑO

16



GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ




A OBRA LITERARIA DE CARLOS CASARES RECIBIU NUMEROSOS PREMIOS: O DE CONTOS INFANTÍS «O FACHO», EN 1968; O GALAXIA, 1973; O DA CRÍTICA DA ASOCIACIÓN DE CRÍTICOS LITERARIOS, EN 1975; O RAMÓN OTERO PEDRAYO, EN 1980; O ÁNXEL FOLE, EN 1991...



CARLOS CASARES MOURIÑO

GRÁFICOS: CARLOS GALLEGO DOMÍNGUEZ



UNHAS HORAS DESPOIS DE ENTREGAR A SÚA ÚLTIMA PUBLICACIÓN «O SOL DO VERÁN», O 9 DE MARZO DE 2002, CASARES FALECE NO HOSPITAL DO MEIXOEIRO, EN VIGO, SENDO SOTERRADO NO CEMITERIO DE SAN FIZ DE NIGRÁN, LOCALIDADE NA QUE RESIDÍA DENDE HABÍA MÁIS DE VINTE ANOS.





TORIBIO E O CONTADOR DE CONTOS



«Toribio explicoulle ao profesor Pardau que había moitos nenos no mundo que tiñan conexión co tubo desde as súas casas, a través de tubos pequeniños, e que por medio dun micrófono podían contar contos que daban a volta ao mundo e logo regresaban ás súas casas. Ás veces traían algúns cambios.»

Carlos Casares

«TORIBIO E O CONTADOR DE CONTOS» FOI EDITADO POR GALAXIA EN 1991. TORIBIO É O PROTAGONISTA DUNHA SERIE DE CONTOS FANTÁSTICOS E ENTRETIDOS, CREADOS POR CASARES: «ESTE É TORIBIO», «TORIBIO TEN UNHA IDEA», «TORIBIO REVOLUCIONA O TRÁFICO»...

O CAN RIN E O LOBO CRISPÍN



«Unha vez era un can que se chamaba Rin. Era un can grande e forte, aínda que xa un pouco vello. De novo, fora o can máis valente de dez parroquias arredor e contábase del, ademais, que era moi listo. Sabía sumar, recitaba poesías en portugués e daba saúdos en cinco idiomas diferentes.»

Carlos Casares

EN 1983 A EDITORIAL GALAXIA PUBLICA «O CAN RIN E O LOBO CRISPÍN». OS PROTAGONISTAS SON UN CAN E UN LOBO, AÍNDA QUE, TAMÉN HAI SERES HUMANOS. FOI TRADUCIDO AO CATALÁN, CASTELÁN, EUSKERA E BRETÓN.

A GALIÑA AZUL

«Pois Lorenzo ten unha galiña azul con cinco plumas roxas na á dereita. É unha galiña moi bonita e moi rara. Pon ovos de cores. Xa puxo dous marelos, un rosa e tres verdemar. Ademais non di caracarará coma as outras galiñas senón que di cocorocó. E isto ten preocupadas ás autoridades.

Tan preocupadas as ten que hai catro días chegoulle un oficio a Lorenzo pedíndolle que entregara a galiña polas boas. Lorenzo negouse, porque aínda que lle din que soio é para que a vexa o veterinario, o certo é que, segundo lle dixo o señor Casimiro, o porteiro do Concello, á galiña vana matar.»

Carlos Casares

«A GALIÑA AZUL» FOI PUBLICADO POR PRIMEIRA VEZ NO ANO 1968 E CONSTA DE CINCO PEQUENAS HISTORIAS ENTRELAZADAS. O TEXTO ESTÁ ESCRITO PARA UNHA RAPAZA DE SETE ANOS, CHAMADA ANA, QUE TIVO QUE MARCHAR FÓRA DE GALICIA.

